

**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*Resolución do 9 de maio de 2008, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se fan públicos os acordos dos tribunais que xulgan o proceso selectivo para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatuario do Servizo Galego de Saúde, relativos á baremación provisional da fase de concurso.*

O número 5 da base sexta B) da resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 8 de agosto de 2006 (DOG nº 156, do 14 de agosto), pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatuario do Servizo Galego de Saúde, dispón que, realizada polo tribunal a baremación correspondente da fase de concurso, se publicará no *Diario Oficial de Galicia* con indicación da puntuación obtida por epígrafes, así como a valoración total da fase de concurso, para os efectos de que os aspirantes que o consideren oportuno poidan presentar reclamación ante o propio tribunal no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, polo tanto este centro directivo

**RESOLVE:**

Primeiro.-Publicar as puntuacións obtidas polos aspirantes das categorías de celador, persoal de servizos xerais e cociñeiro, nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na súa páxina web [www.sergas.es](http://www.sergas.es), relativas á baremación da fase de concurso, nas diversas epígrafes e a valoración total, indicando, ademais, se é o caso, a relación de aspirantes excluídos da fase de concurso por non presentar a documentación requirida ou por non cumprir os requisitos da convocatoria.

Segundo.-Abrir o prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* para que os interesados poidan presentar, de ser o caso, reclamación contra a puntuación outorgada nesta baremación, dirixida expresamente á División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2008.

Antonio José Fernández Paniagua  
Director xeral da División de Recursos Humanos  
e Desenvolvemento Profesional

*Corrección de erros.-Resolución do 15 de maio de 2008, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se aproba a relación de prazas que se ofrecen e se citan para o acto de elección de destino os aspirantes seleccionados no proceso selectivo para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatuario do Servizo Galego de Saúde.*

Advertido erro na devandita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 100, do luns 26 de

maio de 2008, cómpre efectuar a oportuna corrección:

Na páxina 9.676, na táboa de Farmacéutico de atención primaria, na marxe dereita, omitiuse: «Centro: O Barco-Viana-Trives; Termo: M; Praza: 1».

*Anuncio do 9 de maio de 2008, da Xerencia de Atención Primaria de Santiago de Compostela, polo que se procede a darlle publicidade á resolución da mesma data, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión dun posto de xefatura de grupo de persoal de xestión e servizos.*

Convocada a provisión, polo sistema de concurso de méritos, dun posto de xefatura de grupo de persoal de xestión e servizos, mediante Resolución 1/2008, do 11 de xaneiro (DOG nº 20, do 29 de xaneiro), esta Xerencia, de conformidade co previsto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatuario do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 24 de maio de 2006, pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e en exercicio das competencias que ten atribuídas no artigo 5.1º j) da Orde do 8 de maio de 2006, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde,

**ACORDA:**

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión dun posto de xefatura de grupo de persoal de xestión e servizos, anunciada por Resolución 1/2008, do 11 de xaneiro de 2008 (DOG nº 20, do 29 de xaneiro).

Segundo.-Nomear para o posto convocado a persoa que se indica no anexo desta resolución.

Terceiro.-O aspirante nomeado deberá cesar na praza que desempeña dentro dos tres días hábiles seguintes ao da súa publicación.

Cuarto.-A toma de posesión do posto de traballo adxudicado deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento, se a praza desempeñada e o posto adxudicado son da mesma área de saúde, ou no prazo de quince días hábiles, se son de distinta área de saúde. Para estes efectos entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrición ou destino provisional ou comisión de servizos.

Se así o permiten as necesidades do servizo, e por petición motivada do interesado, os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser prorro-